

LELY VECTOR (VII)



O Lely Horizon, a mellor ferramenta para o funcionamento do Vector



Sempre que se fala do Lely Vector pensamos no MFR, na pinza, na cociña..., pero unha ferramenta fundamental para o seu manexo na granxa é, sen dúbida, o Lely Horizon.

O Lely Vector non se pode entender sen o Lely Horizon, o programa de xestión tanto para o robot de muxido coma para o de alimentación, xa que resulta clave para adaptar calquera modificación de alimento na granxa e xestionar o Vector da forma máis precisa posible. Noutras palabras, o binomio Vector-Horizon é esencial para axustar a máquina ás necesidades de cada explotación.

Ademais do Horizon, o Vector tamén se controla co programa Lely Control+, que ofrece unha visión en tempo real da máquina e do estado da cociña. A navegación do Lely Vector xestiónase coa aplicación Lely Control+, que permite visualizar o seu funcionamento en tempo real e detectar calquera posible problema.

As cercas ou cornadizas son os distintos tipos de presebes que hai na granxa, e poden modificarse individualmente no que se refire ao tipo de comida e á altura do alimento necesario dende o propio Lely Control+.

Todos os alimentos dispoñíbles na coñiza do Vector deben estar debidamente rexistrados no programa de xestión Lely Horizon, para que o Vector poida coñecer que comida hai dispoñible e como desexamos que se cargue no MFR. Cada alimento pode tratarse de forma individual, indicando á máquina a carga máxima en quilogramos, os axustes de captura de profundidade da garra, a cantidade de materia seca que debe depositarse no bol en cada viaxe e ata o prezo do alimento, de maneira que o Horizon poida xerar un informe do custo exacto da alimentación de cada animal.



Co binomio Horizon e Lely Vector é posible crear distintos tipos de racións para diferentes zonas da granxa e alimentar as vacas de forma completamente individual, segundo as características de cada lote e os alimentos dispoñibles para cada gandeiro.

En cada ración de comida pódense axustar a orde de carga e a porción de alimento que leva o MFR en cada viaxe; así, determínanse a cantidade total de materia inxerida e a dose de materia seca que queremos que consuma cada vaca.

Dentro das instalacións existen distintas localizacións e, en cada unha delas, diferentes cornadizas onde se poden crear grupos ou subgrupos. Por exemplo, é posible establecer unha ración concreta para as vacas dunha área de separación. Neste caso, vemos unha granxa con oito robots de muxido, con alimentación diferenciada para cada lote de dous robots.

O Vector permite realizar pausas na alimentación, por exemplo, para limpar os presebes un par de veces por semana. Abonda con indicalo a través do Horizon. O mesmo ocorre coa altura da comida: se nalgún momento se desexa maior cantidade, pódese modificar cun só clic dende o ordenador.







No apartado de rutas, é posible establecer diferentes tipos dentro dunha mesma granxa e indicarllo ao Vector segundo o que se desexe en cada momento, como o tempo de escaneamento da altura da comida ou os arrimados que deben realizarse. Os itinerarios do Vector poden ser intelixentes, o que permite que a máquina atope o camiño máis rápido cara á cornadiza que necesita alimento.

A cociña componse de dous tipos de alimentos: os cargados pola pinza e os incorporados dende os silos de penso, accionados por motores, tanto en macrosilos como en microsilos, auga ou mesmo melaza.

Podemos indicarlle ao Vector que que celas encheron e, a medida que se vaian consumindo, o sistema marcará as que estean baleiras. Incluso se pode establecer unha prioridade de carga para unha cociña concreta ou substituír un alimento por outro.

No apartado de silos de penso, a máquina pode xestionarse de forma autónoma, descontando automaticamente o material que se queira usar como núcleo ou aditivo.

Por último, o programa Lely Horizon é moi visual e xera informes sobre a eficiencia alimentaria da granxa, a



marxe que deixa cada vaca, tras introducir correctamente os datos económicos da ración, e unha visión xeral da explotación. Tamén permite consultar a inxestión total de materia seca e a precisión na carga de alimentos realizada polo Lely Vector, que sempre supera o 90 %.

Se desexa máis información sobre o Lely Vector, non dubide en contactar co seu Lely Center máis próximo. Os profesionais de Lely faranlle un estudo sen compromiso e contaránlle os beneficios que esta máquina pode achegar á súa explotación.